



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 436/2016.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **28 de xullo de 2016 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 20 de maio de 2016.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 26 de maio de 2016.
- 3.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 31 de maio de 2016.
- 4.- Apobación dos festivos locais para o ano 2017.
- 5.- Moción presentada pola CIPa para dar unha solución axeitada á rede de saneamento da Besadiña.
- 6.- Moción presentada pola CIPa para que se requira aos propietarios a limpeza da maleza das fincas da zona do Bordel.
- 7.- Moción presentada pola CIPa para que se faga un control minucioso todos os domingos trala celebración do mercado dominical.
- 8.- Moción presentada pola CIPa para o recoñecemento do único "*Portus Apostoli*" ao porto da Vila de Padrón.


PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO


- 9.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 310/2016 á número 426/2016.
- 10.- Mocións de urxencia.
- 11.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 22 de xullo de 2016

O Alcalde

Asdo Antonio Fernández Angueira

Ante min
A Secretaría

Asdo Ana María Ares Álvarez